

# Lax Entroido 2022

## BASES DO "I CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS"



Concello de Laxe

### INTRODUCCIÓN.

Coa finalidade de contribuír á dinamización, promoción e diversificación do entroido no noso Concello, propoñemos a celebración deste 1º certame, no que **poderá participar toda a poboación, sexa menor ou maior de idade**, e no que o seu principal **carácter innovador** en canto ós certames máis "tradicionais" do entroido ós que estamos máis acostumados, virá dado polo seu carácter **participativo e popular no relativo sobre todo ó xurado deste certame**. Neste caso, a **valoración dos entroidos, nas súas modalidades individual, grupal e de comparsa, será realizada por parte do propio público asistente ó evento do certame**.

### 1. PARTICIPANTES.

Poderán participar neste certame todas aquelas persoas que así o desexen, sexan **maiores ou menores de idade**, e que queiran participar activamente na "**Festa de comparsas**" que se celebrará en Laxe o **sábado 26 de febreiro do 2022**. Para participar, será necesario tramitar a oportuna inscrición no Concello de Laxe.

### 2. MODALIDADES e PRAZOS.

• **PRAZO DE INSCRICIÓN:** do **21.02.2022** ó **25.02.2022**.

• **MODALIDADES DE INSCRICIÓN NO CERTAME:**

- **No caso dos menores de idade**, requirirase a **autorización do/a pai, nai ou titor/a** para poder ser admitido/a ó certame.
- Cada persoa só poderá inscribirse nunha única categoría.
- Os grupos infantís requirirán un mínimo de 3 menores de idade.
- Os grupos de adultos, un mínimo de 3 persoas maiores de idade.
- Grupos: estarán formados por un mínimo de 2 e un máximo de 5 persoas.
- Comparsas: estarán compostas por máis de 5 persoas.

• **MODALIDADES PARA TRAMITAR A INSCRICIÓN:**

- Entregando a correspondente **folha de inscrición do certame de xeito presencial no Rexistro Xeral** da Casa do Concello.
- Mediante **solicitude xeral presentada de forma telemática a través da Sede Electrónica Municipal** e achegando anexa a **folha de inscrición do certame** que poderá descargarse da web: [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com).
- **Tamén será posible o seu envío por correo postal** sempre e cando a inscrición se faga de maneira certificada e se adiante copia da solicitude de inscrición debidamente selada, na oficina de correos que corresponda, ó enderezo electrónico [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com), dentro do prazo de inscrición.
- Por calquera outro medio contemplado na Lei de procedemento administrativo.

• **ENTREGA DE DIPLOMA E VALE SIMBÓLICO DO PREMIO RECIBIDO:** o **26.02.2022** na Praza dos Voluntarios.

• **PRAZO MÁXIMO DE SOLICITUDE DO PREMIO:** **31.03.2022**.

• Fóra destes prazos non se admitirán inscricións nin solicitudes salvo casos xustificados de forza maior.

| 2 PREMIOS INDIVIDUAIS | 2 PREMIOS GRUPAIS  | 2 PREMIOS DE COMPARSAS |
|-----------------------|--------------------|------------------------|
| Categoría Infantil    | Categoría Infantil | 1º posto               |
| Categoría Adulta      | Categoría Adulto   | 2º posto               |
| 50€                   | 100 €              | 150 €                  |

# LaxEntroido 2022

## BASES DO "I CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS"



Concello de Laxe

### 3. REQUISITOS DOS ENTROIDOS PARA PARTICIPAR NO CERTAME.

A persoa e/ou grupo de persoas que se inscriba/n, deberá/n comprometerse como mínimo a:

**3.1. PARTICIPAR NO DESFILE DE COMPARSAS** que se realizará no día sinalado dende a Casa do Concello ata o porto de Laxe e con remate na Praza dos Voluntarios **a partir das 17.30 horas**. A orde no desfile será determinada polo Concello de Laxe e comunicaráselle ás persoas que realicen a inscrición antes do comezo do desfile.

**3.2. SUBIR Ó ESCENARIO** que habilite o Concello de Laxe no momento en que se lle/s convoque **E REALIZAR UNHA BREVE REPRESENTACIÓN/ESPECTÁCULO** que poderá ser con ou sen música, de carácter teatral, circense, etc.. e que, en todo caso, **non superará os 5 minutos**.

**Os entroidos, grupos ou comparsas que precisen música gravada para o espectáculo, deberán entregala no Dpto. de Cultura en formato Mp3 antes das 12.00 h do venres 25 de febreiro do 2022**, podendo remitila ó correo cultura@concellodelaxe.com.

A orde de participación será determinada pola organización municipal en función das inscricións realizadas. As carrozas serán situadas nas inmediacións do lugar de celebración do certame, no lugar que no mesmo día se indique polo persoal da organización.

**Seguridade e materiais:** Evitarase a utilización de calquera tipo de elemento pirotécnico ou calquera outro que poida implicar risco para a vida e seguridade das persoas.

### 4. DO XURADO E DAS VOTACIÓNS.

Previo **sorteo aleatorio entre o público voluntario**, participarán de forma anónima no xurado un **máximo de 49 persoas, todas elas maiores de idade**. Tra-la actuación dos entroidos de cada categoría sobre o escenario, as persoas sentadas na **"zona do XURADO PARTICIPATIVO LaxEntroido"**, a **globo alzado deberán emitir os seus votos** ás persoas que individualmente, en pequeno grupo ou comparsa, presenten as vestimentas máis lucidas e vistosas deste entroido, e solicitaráselles que tamén teñan en conta o seu esforzo na preparación dos disfraces, así como a calidade das súas actuacións realizadas sobre o escenario. Así:



Cada globo verde alzado, sumará 2 puntos.



Cada globo amarelo alzado, sumará 1 punto.

**Toda persoa que queira formar parte do xurado, asumirá o compromiso de votar en todas as candidaturas.** En caso que non o cumpra, poderá ser eliminado do xurado pola organización, ocupando a súa praza outra persoa voluntaria.

**O persoal do Concello de Laxe será o encargado de facer o relato e de comunicar o resultado do certame o mesmo día ó redor das 19.30 horas**, sendo este de carácter inapelable. O Concello de Laxe poderá declarar deserta calquera das categorías do certame se considera que os participantes non reúnen uns mínimos de calidade para optar ó premio.

En ningún caso, o Concello se fará responsable do contido, letras, parodias ou disfraces elixidos polas persoas, grupos e comparsas participantes, podendo, previamente a súa actuación, desqualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, persoas con discapacidade, etc.

# Lax Entroido 2022

## BASES DO "I CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS"



Concello de Laxe

### 5. DO PREMIO.

Consistirá na **ENTREGA DUN DIPLOMA E UN VALE** que dará dereito á realización de compras nun ou en varios comercios locais do Concello Laxe para a/s persoa/s gañadora/s por un importe máximo equivalente ó premio obtido segundo a categoría (50€, 100€ ou 150€).

**Unha vez realizada/s a/s compra/s**, a persoa que realizou a inscrición ou o pai, nai ou titor/a no caso dos menores de idade, deberá presentar no Concello de Laxe, copia cotexada do seu DNI, DIPLOMA orixinal que o acredita como persoa gañadora do I Certame Participativo de Entroidos de Laxe 2022, así como a/s factura/s que lle expedirá o/s comercio/s, xunto cunha instancia de solicitude de premio que deberá de solicitarse nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do Concello de Laxe, sinalando o número de conta bancaria no que **o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita/s factura/s** e que en ningún caso superará o importe máximo do premio.

A presentación da dita documentación, poderá facerse tanto de xeito presencial como de xeito telemático a través da sede electrónica municipal, sempre e cando a persoa premiada conte con algún sistema de identificación dixital.

### 6. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE.

Os datos persoais recollidos na inscrición, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame. **O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s**, así como as fotografías tomadas das persoas no momento da recollida e entrega dos diplomas e premios do certame, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición. De acordo co Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas e á libre deses datos, así como coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal indicado na cabeceira do documento.

**A organización realizará reportaxes fotográficas dos diferentes momentos do desfile e certame que serán publicadas e compartidas nas redes sociais e canles de comunicación habituais.**

### 7. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A inscrición e participación neste certame, implica a **total aceptación destas bases.**

